

Expediente 64/2025

Procedemento: Procedemento de renovación, novo ingreso, admisión e matrícula de persoas usuarias da Escola Infantil Municipal (EIM) do Concello de Outes para o curso 2025/2026.

ANUNCIO:

**PRAZOS EXTRAORDINARIOS SOLICITUDES NOVO INGRESO EIM OUTES CURSO
2025/2026**

PRIMEIRO.- Rematado o prazo ordinario de solicitudes de novo ingreso na Escola Infantil Municipal do concello de Outes para o curso 2025/2026, as prazas libres na EIM son:

- Aula 0-1: 6 prazas - xornada completa
- Aula 1-2: 0 prazas - xornada completa
- Aula 2-3: 3 prazas - xornada completa

SEGUNDO. Atendendo ao establecido no apartado 2.3 do procedemento de renovación, novo ingreso, admisión e matrícula de persoas usuarias da EIM do Concello de Outes para o curso 2025/2026 publicado no Boletín Oficial da Provincia nº 36 de data 21 de febreiro de 2025 :

“Unha vez rematado o prazo de admisión de solicitudes de novo ingreso aceptaranse solicitudes con posterioridade a dito prazo, sempre e cando os/as menores para os que se solicita a praza poidan incorporarse á EIM antes do 30 de marzo de 2026 e cumplan os seguintes requisitos:

1. Nacemento, acollemento ou adopción da crianza con posterioridade ao prazo ordinario de presentación de solicitudes.

2. Cambio de concello ou de residencia de traballo da unidade familiar.

3. Excepcionalmente, outras circunstancias que motivadamente aprecie o equipo de baremación.

Estas solicitudes deberán ir acompañadas da documentación acreditativa da circunstancia que motiva a súa presentación pasado o prazo ordinario.

As instancias do proceso extraordinario atenderanse tendo en conta os seguinte prazos:

- As solicitudes presentadas dende o 22 de abril ata o 31 de agosto serán baremadas e tramitadas pola Comisión de Valoración no mes de setembro.

- As solicitudes presentadas dende o 1 de setembro ata o 31 de decembro serán baremadas e tramitadas pola Comisión de Valoración no mes de xaneiro.

En caso de existir lista de agarda, os solicitantes do proceso extraordinario serán incorporados á mesma atendendo á puntuación acadada logo de aplicar o baremo. A listaxe resultante publicarase por acordo da Xunta de Goberno Local no taboleiro de anuncios da páxina web do concello.

As solicitudes presentadas con posterioridade ao 31 de decembro serán incorporadas á listaxe de agarda por rigorosa orde de presentación.”

Outes, na data que figura á marxe

O Alcalde

Francisco Calo Abelleira

